



Concello de Cangas

# - B A N D O -

XOSÉ M. PAZOS VARELA, ALCALDE DO CONCELLO DE CANGAS.

F A G O S A B E R:

## OBRIGATORIEDADE DE DESBROCE DAS FINCAS.

Chegado xa o mes de xuño de 2016, lémbрасelle a toda a veciñanza do Municipio de Cangas a obrigatoriedade de rozar e limpar a fincas da súa propiedade así como as testeiras das mesmas, xa que, e máis en época de verán, a maleza, herba alta e seca e outra vexetación a monte, constitúe un verdadeiro perigo para as edificacións e fincas lindeiras e mesmo para @s viandantes, de estaren as propiedades nas beiras de vías e camiños.

Lémbрасe tamén que, de non executar eses traballos, @s propietari@s arríscanse a recibir sancións económicas en aplicación das ordenanzas en vigor.

Desde o Concello solicitamos a máxima colaboración de todas as persoas en aras de conseguir unha Cangas máis limpa e habitable e adiantamos o noso agradecemento ás persoas cumpridoras.

Cangas, 8 de xuño de 2016.

O Alcalde

Xosé Manuel Pazos Varela.

